

II CONCURSO DE MÁSCARAS DO SAMAIÍN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en colaboración coa Biblioteca e o departamento de EPVA, tendo en conta que no barrio de Catabois se celébra polo Samaín “O quilómetro do terror” convoca o II Concurso de Máscaras para celebrar o Samaín 2023.

Participantes:

O concurso está dirixido a todo o alumnado do centro IES DE CATABOIS durante o curso 2023-2024. Contarán co asesoramento da profesora de Plástica, que estará ao seu dispor e terá en conta este traballo como un exercicio máis do curso.

Tema:

Deberán deseñar individualmente unha máscara inspirada nunha personaxe da mitoloxía popular escocesa, despois de escoitar unha descrición de varias delas.

Presentación:


Presentarase nun folio DinA3. Técnica libre. Entregarase á profesora de Plástica, na Biblioteca ou en Conserxería, nunha caixa habilitada para tal uso.. Na parte posterior da lámina deberán constar os seguintes datos: Nome, apelidos, curso e grupo.

Prazo:

O prazo remata o día 25 de outubro.

Premio:

Haberá un premio outorgado por un xurado constituído por persoas do EDLG e do Equipo da Biblioteca e da comunidade docente.



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega